

Aprendendo Bergantiños a través das camiñadas de carácter interpretativo.

Aprende camiñando sobre o noso patrimonio máis achegado.

Coida o teu entorno.

#### FARÉMOLO

- Pasaremos a xornada xuntas. A hora de chegada dependerá do volume de participantes, características do roteiro, climatoloxía, interpretación do patrimonio...
- Esquece o avituallamento: encargámonos nós del.
- Encargámonos tamén do transporte, dende os lugares de saída ata o comezo de andaina, e de volta ao remate da actividade.
- Achegarémonos á interpretación en cada punto de interese no roteiro grazas ao teu comportamento e á túa aportación.
- Por suposto, facemos piña, camiñaremos en grupo.

#### LEMBRA SEMPRE

- Puntualidade.
- Sé ecolóxico, aproveita ao máximo a actividade. Aportando e escoitando.
- Melloraremos a convivencia grazas a ti. Sé comprensiva cos problemas das demais persoas e respecta as normas das voluntarias e voluntarios da organización e Protección Civil.
- Lembra levar un calzado axeitado (a poder ser con membrana impermeable), roupa axeitada, mochila, impermeable, navalla, gorra, protección solar. A túa cámara de fotos tamén é importante.
- Para unha mellor interpretación dos percorridos e polo coidado do entorno, nalgúns roteiros as prazas poden ser limitadas.
- As actividades poden sufrir modificacións.
- Deixar o entorno como o atopas. Evita deixar pegadas innecesarias: nin deixes lixo, nin fagas barullo. Respecta aos habitantes das aldeas (animais e persoas). Deixa as cancelas como as atopas.
- Nunca saias do camiño.

#### LUGARES DE INSCRICIÓN

##### Carballo

Base de Protección Civil  
Edif. Ambulatorio Vello, 2º andar  
L-V de 09:30 a 13:30h  
Espazo da Natureza de Oza  
X-V de 17:00 a 20:00h  
Museo de Bergantiños  
Mé. 17:00 a 19:00h

##### A Laracha

Dep. de Cultura e  
Deportes do Concello  
Prz. do Concello s/n, 2º  
L-V de 9:30 a 13:30h

#### INSCRICIÓN

Data límite: Ata 2 días antes  
de cada roteiro.

##### Prezos:

Maiores: 6 € / Socias: 3€  
Menores: 3€ / Socias: 1€

#### INFORMACIÓN

asociacion@sendanova.org  
www.sendanova.org  
Facebook: /sendanova  
Teléfono: +34 611 037 617

Organiza




Asociación ambiental  
**Senda Nova**  
www.sendanova.org



Colaboran



Móllate con nós!  
**outono**  
en **mar~cha**



Achegamento á espectacular paisaxe marítima do concello de Carballo, que se contempla case integramente. Xeoloxía, cultura e biodiversidade nun espazo natural que alberga un dos sistemas dunares mellor conservados de Galicia. Unha zona húmida que acolle interesantes especies de avifauna e como non, un dos areais máis extensos cun berce de luxo para a Pillara das Dunas.

**Dificultade:** media.

**Saídas:** Concello da Laracha: 8:00h. Carballo Rúa Venezuela: 8:15h.

*Paisaxe e biodiversidade fronte ao océano*

## RAZO-BALDAIO PARA PROTEXER

**6 outubro ~ 14km**  
Carballo



No centro xeográfico do concello máis extenso de Bergantiños atópanse estas dúas fértiles parroquias carballesas de Ardaña e Artes. Conviven a través do alto da Peniqueira, un balcón natural cheo de historia que une dúas áreas farturentas. Foron o lugar ideal para establecer construcións fidalgas. Os pazos de Gontade, das Pallas e, o de máis sosa, Vilar de Francos son paradas estratéxicas dunha senda que cautiva.

*Os segredos dos pazos bergantiñáns*

## TERRAS DO MARQUÉS


**13 outubro ~ 14km**  
Carballo



*Recunchos escondidos nas corredeiras de Montemaioir*

## SENDA DAS CAPELAS

**20 outubro ~ 16km**  
A Laracha



Polo interior máis profundo do concello da Laracha alóngase a parroquia de Montemaioir, a única parroquia pola que camiña unha ruta salpicada de capelas. Incluídas en fermosos paraxes de silencio, en varias delas afloran lendas nas que aínda latexan cultos precristiáns. No centro do percorrido, o curtidoiro de Cumiáns, un espazo de agradable rehabilitación que data de 1852.

**Dificultade:** media.

**Saídas:** Concello da Laracha: 8:30h. Carballo Rúa Venezuela: 8:15h.

A lagoa de Alcaían é un dos máis importantes humidaís de Bergantiños e tamén o inicio dunha vía que pretende seguir os pasos dos camiños romanos. A ponte Lubián é un dos puntos estratéxicos dunha senda que atravesa castros, pazos e fermosas corredeiras antigas enmarcadas con especies autóctonas. Camiños cheos de historia que entran na capital bergantiñá dende o berce da mesma vila.

**Dificultade:** media-baixa.

**Saídas:** Concello da Laracha: 8:00h. Carballo Rúa Venezuela: 8:15h.

*Sendas de encantos seguindo a pegada romana*

## VÍA ALCAIANUS

**27 outubro ~ 19km**  
Coristanco - Carballo



A Depresión meridiana é o compás que guía o percorrido dende Carballo ata a férveda de San Paio. Corredoiras cheas de encanto para unir saltos de auga formados pola citada valgada que percorre Galicia de norte a sur. Construcións relixiosas como a imponente igrexa de Rus dividen un sinxelo itinerario a cabalo entre a montaña e os fértiles vales destas parroquias de Ardaña, Rus e Entrecrucos.

**Dificultade:** media.

**Saídas:** Concello da Laracha: 8:00h. Carballo Rúa Venezuela: 8:15h.

*Explosión de outono e asombro pola Depresión meridiana*

## RUTA DAS FÉRVEDAS

**10 novembro ~ 15km**  
Carballo



Acompáñanos durante o percorrido o cheiro á historia a través do negro mineral tan prezado na 2ª guerra mundial. Monteneme é o balcón xefe de todo un itinerario para sacar proveito da atracción ancestral do espazo. As casas das minas, o castro do Rodo e sobre todo, a paisaxe explosiva dende o bico do monte conforman unha das rutas máis fascinantes.

**Dificultade:** media.

**Saídas:** Concello da Laracha: 8:00h. Carballo Rúa Venezuela: 8:15h.

*Arume a lendas e mineral dende o alto de Monteneme*

## PEGADAS DO VOLFRAMIO

**17 novembro ~ 17km**  
Carballo - Malpica de Bergantiños



ESPAZO DA NATUREZA DE OZA

Xoves de FILME ~ ás 19.00

Venres de encontro con activistas ~ ás 19.00